

008762 09.11.2010 13:45

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCAN AXUDAS PARA A MOBILIDADE DE COORDINADORES ACADÉMICOS ERASMUS DA USC CARA O ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN DENTRO DO PROGRAMA DE APRENDIZAXE PERMANENTE (PAP) – ERASMUS

CARACTERÍSTICAS XERAIS DAS AXUDAS

A Universidade de Santiago de Compostela, a través do Servizo de Relacións Exteriores, convoca axudas para a mobilidade de coordinadores/as do Programa de Aprendizaxe Permanente (PAP) - Erasmus, no curso académico 2010-11.

Poderá participar todo o persoal docente da USC que teña recoñecida a súa condición de Coordinador Académico Erasmus, e atendera a un mínimo de 5 estudantes entre entrantes e saíntes no curso 2009-2010, ou coordine a un mínimo de 5 estudantes no curso 2010-2011.

O persoal docente que participa nun programa de mobilidade debe estar integrado no departamento ou na facultade do centro de acollida. Isto implica que a mobilidade está baseada en acordos interinstitucionais (contratos erasmus).

Estas axudas serán compatibles con calquera outro tipo de bolsas e axudas de natureza pública ou privada.

OBXECTIVOS DAS AXUDAS

Os obxectivos xerais da mobilidade son:

- Supervisar e solucionar as diversas circunstancias que poidan xurdir no ámbito do intercambio que coordinan.
- Consolidar vínculos entre departamentos e facultades.
- Preparar futuros proxectos de cooperación.
- O Organismo Autónomo de Programas Europeos (OAPPE) sinala a posibilidade de financiar con carácter excepcional algunha visita preparatoria, aínda que non existira unha previa relación entre as dúas universidades.

DOTACIÓN DAS AXUDAS

Neste curso 2010-2011, concederanse un máximo de 42 axudas para a mobilidade de coordinadores académicos erasmus.

As axudas destinaranse a compensar os custos de mobilidade adicionais, como os gastos da viaxe e o custo de vida superior no país de acollida, non se destinarán a cubrir a totalidade dos custos.

A contía das axudas estará suxeita ao máximo establecido pola Comisión Europea.

A axuda máxima é de 650 euros.

En ningún caso se superará esta contía, que se distribuirá da seguinte maneira:

Viaxe: 150 euros máximo

Axuda de custo diaria: 100 euros máximo

A duración máxima financiada é de 5 días completos.

Esta cantidade comprende dous conceptos: axudas de custo e viaxe.

Axudas de custo

As axudas de custo calcularanse sobre a base de axudas de custo diarias, axustándose ao importe máximo establecido.

Unha semana equivale a 5 días laborais completos. O programa debe demostrar que se realizaron actividades relacionadas coa mobilidade, de luns pola mañá a venres pola tarde ou especificar os días nos que se fixeron actividades.

As axudas de custo pagaranse como unha cantidade global fixa. Pagaranse só os días laborais completos. Non se pagarán as axudas de custo os días de viaxe nen os festivos.

Exemplos:

Exemplo 1

Estadía de 5 días. As sesións de traballo empezan o día da chegada e finalizan o día da partida.

O beneficiario recibirá 5 días de axudas de custo.

Exemplo 2

Estadía con fin de semana intermedio. Chegada o domingo, traballo luns, martes e mércores, saída o xoves. Cóntanse 3 días de axudas de custo.

Gastos de viaxe

Os gastos da viaxe calcularanse tendo en conta os gastos da viaxe reais. A contribución económica é unha axuda en concepto de viaxe e non ten por qué cubrir a totalidade do gasto real. En todo caso, a axuda máxima será de 150 euros.

Con carácter xeral, unicamente se financiará un desprazamento por coordinador/a.

REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Os solicitantes deberán ser coordinadores/as da Acción Erasmus do Programa de Aprendizaxe Permanente, e terán que ter atendido a un mínimo de 5 estudantes entre entrantes e saíntes no curso 2009-2010, ou coordinar a un mínimo de 5 estudantes no curso 2010-2011.

Aquelas solicitudes que non cumbran este requisito serán automaticamente rexeitadas.

SOLICITUDES E LUGAR DE PRESENTACIÓN

Os solicitantes deberán presentar no momento de facer a solicitude o impreso de solicitude de mobilidade (MV), debidamente cuberto, que se achega como Anexo I desta convocatoria.

As solicitudes dirixiranse ao Servizo de Relacións Exteriores.

A presentación das solicitudes farase no Rexistro Xeral da USC, situado na Reitoría da USC (Colexio de San Xerome. Praza do Obradoiro s/n, Santiago de Compostela) e no Rexistro do Campus de Lugo, situado no edificio de Servizos Administrativos da Biblioteca Intercentros (Avda. de Bernardino Pardo Ouro s/n, Lugo). Tamén poderá presentarse nas formas e lugares establecidos na lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes será de 1 mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria.

ADMITIDOS E EXCLUÍDOS:

A Comisión de Selección publicará, dentro dos 30 días seguintes despois de finalizado o prazo de presentación de solicitudes e antes da súa valoración, no taboleiro de anuncios da Reitoría e da Vicerreitoría de Coordinación e Planificación do Campus de Lugo, así como na páxina web da Universidade, no enlace da USC internacional (http://www.usc.es/es/gobierno/vrrelins/portal_internacional/index.jsp), a relación de aspirantes admitidos e excluídos.

Para emendar os defectos da publicación anterior os aspirantes non admitidos e excluídos poderán xustificar o seu dereito a ser admitidos, no prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte á publicación, quedando excluídos definitivamente de non facelo.

AVALIACIÓN E SELECCIÓN

A Comisión de Selección estará integrada por:

- O Vicerreitor de Estudantes e Formación Continua.
- A Vicerreitora Adxunta para estudos de Grao e Posgrao.
- O Xefe do Servizo de Relacións Exteriores.

A USC levará a cabo a selección de conformidade coas directrices proporcionadas pola OAPEE. Neste senso:

- A USC adoptará todas as medidas necesarias para evitar calquera conflito de intereses entre as persoas que poidan tomar parte no proceso de selección de beneficiarios individuais.
- Co obxecto de garantir a participación do maior número posible de coordinadores, darase prioridade aos participantes que disfruten por primeira vez da mobilidade de coordinación.
- Os informes e resultados de pasadas convocatorias (mobilidades) poderán ser considerados pola Comisión de Selección para os efectos oportunos.
- O número real de estudantes (nacionais e internacionais) coordinados nos últimos dous cursos académicos será tido en conta como criterio de selección específico.

PRAZO DE REALIZACIÓN DA MOBILIDADE

A mobilidade deberá realizarse antes do 30 de setembro de 2011.

OBRIGAS DOS SELECCIONADOS

Os/as beneficiarios/as dunha mobilidade deberán presentar a seguinte documentación no prazo máximo dun mes a contar a partir da data de finalización da mobilidade:

1. Informe final de resultados segundo modelo normalizado (Anexo II desta convocatoria).
2. Tarxetas de embarque e factura da axencia de viaxes (ou recibo de compra electrónico).
3. Certificado ou constancia firmado e selado pola Universidade de acollida, conforme se realizou a mobilidade

PROPOSTA DE CANDIDATOS

O taboleiro de anuncios no que se publicará a resolución definitiva será o da Reitoría, sen prexuízo da súa publicación complementaria na páxina web da USC Internacional http://www.usc.es/gl/goberno/vrrelins/portal_internacional/erasmus.html

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interperse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os/as interesados/interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso potestativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e ss. da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2010

O REITOR



Juan José Casares Long

Anexo I

Mobilidade MV (mobilidade como coordinador)

Nome e apelidos:

Centro:

Teléfono (extensión):

Correo electrónico:

Destino (país e cidade):

Nome da Universidade de destino:

Período da estadia previsto (antes do 30/09/11)

Breve descripción das actividades previas desenvolvidas coa Universidade de destino

Data e sinatura

Anexo II

MEMORIA DE SEGUIMENTO DA MOBILIDADE DOS COORDINADORES ACADÉMICOS ERASMUS (CURSO 2010-2011)

1.- NOME DO COORDINADOR/COORDINADORA:

2.- DEPARTAMENTO:

3.- CENTRO:

4.-DESCRICIÓN DA VIAXE:

5.- DATOS DA UNIVERSIDADE E DA CIDADE:

6.- OBXECTIVOS DA VIAXE:

9.- RESULTADOS:

10.- GASTOS OCACIONADOS:

11.- DATOS BANCARIOS DO/DA SOLICITANTE (NIF E NÚMERO DE CONTA):

DATA E SINATURA:

SERVIZO DE RELACIÓNS EXTERIORES

Casa Jimena e Elisa Fernández de la Vega. Rúa Casas Reais, nº 8

15782 Santiago de Compostela